

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Coscobellos

Os **coscobellos** cóllense nos ríos da seguinte maneira. Hai que levar unha albarda de burro, unha cabezada, unha pa das de botar o pan no forno e un cesto de dúas tapas. O cazador métese descalzo no río e dando golpes coa pa na auga di:

Coscobello, vente ó cesto,

e bizbardo, vente ó fardo,

Xan da albarda por ti agarda,

i aquí coa cabezada.

A referencia é do concello do Corgo (Lugo), concretamente de Queizán, e dise que os mozos do lugar aínda lle tiran pedras ao incauto que vai na procura dos coscobellos, e dinlle "ei van os coscobellos", e chámanlle "Coscobellán".

Os **coscobellos**, como os **biobasdos**, **cocerellos** e outros moitos inexistentes son necesarios para enredar a cándidos e inxénuos.

BIBLIOGRAFÍA

Xosé Manuel CASTRO CASTEDO: Léxico do Galego de Queizán, Corga, nº 3, Centro de Estudos do Corgo, 2012.